





CONTEXTO XEOLÓXICO

As rochas dominantes en toda a zona de Pontearreas son granitos de diferentes tipos e sedimentos moi recentes depositados polos ríos nas súas canles.

O ouro extraído nas minas na contorna do castro da Croa orixinase nas rochas graníticas situadas augas arriba no val do río Tea. Nas fases finais da cristalización destes granitos, hai uns 300 millóns de anos, formáronse diques de cuarzo e de rochas de composición semellante ao granito, enriquecidas con ouro e outros minerais como o estaño.

A erosión provocada polos ríos nos últimos millóns de anos desgastou estes diques, liberando o ouro presente neles. Dado que o ouro é moito máis denso que os demais minerais e rochas que transporta o río, depositáse nos areais, tanto os actuais como nas ribeiras de hai millóns de anos. Estes sedimentos son onde os mineiros explotaban o ouro hai 20 séculos. O estaño extraíase directamente dos diques xerados polo granito, triturando a rocha e extraéndoo mediante diversos métodos. Despois fundíase e vendíase como lingotes. O estaño mesturado nunha proporción moi baixa (menos do 10%) con cobre produce bronce, que é moito máis duro que o cobre só.



Mapa xeolóxico da zona modificado desde o Visor Geode, CN IGME-CSIC. As rochas da familia do granito están representadas en cores avermelladas. Os sedimentos fluviais están representados en cor gris.

O val do río Tea e o seu afluente, o río Xinzo, sitúanse na parte baixa do val do Miño. A súa proximidade ao mar facilitou o acceso ao comercio que se desenvolveu nos portos da ría. Isto facilitou o comercio antigo con rexións como Roma e Fenicia hai 2.000 anos, o que reflicte a abundante explotación mineira e metalurxia da zona naquel momento.



"O soño de Enrique Peinador feito realidade"

Iníciase o roteiro no Túnel do Confurco, na parroquia de Xinzo, preto da estrada N-120. Remata no Balneario de Mondariz.

PRECAUCIÓN: É perigoso camiñar fora do roteiro fixado. En tramos de estrada, circular pola esquerda e atento ao tráfico.



ROTEIRO MINEIRO DO TRANVÍA DO CONFURCO AO BALNEARIO DE MONDARIZ



O ata agora esquecido Túnel do Confurco, entre os concellos pontevedreses de Pontearreas e Porriño, é unha mostra do proxecto de tranvía que pretendía conectar Vigo co Balneario de Mondariz. Este proxecto centenar pretendía potenciar o uso deste balneario por parte dos visitantes de zonas máis afastadas facilitando o acceso desde a cidade de Vigo. Ademais o seu proxecto, atravesaría importantes zonas de minería histórica.

Percorrido: 22,3 km (ruta lineal) / Altitude máxima: Monte Bugarín: 320 msnm / Altitude mínima: río Tea na praia da Freixa: 20 msnm / Dificultade: alta

PARADAS

1. TÚNEL DO CONFURCO

Coordenadas UTM: (EPSG: 25829) 534990 4669412; Coordenadas polares: 42,176070° -8,576346°

No ano 1920 entrou en servizo o tranvía de Vigo ao Porriño que estivo en funcionamento ata 1967. O obxectivo inicial era prolongar a liña ata o Balneario de Mondariz e potenciar as súas termas. A morte do seu promotor, Enrique Peinador, e outras circunstancias fixeron que o tranvía nunca chegase a Mondariz. A construción do tramo de Porriño a Mondariz comezou en 1914 no seu punto máis difícil: un túnel de 914 metros escavado en granito. A súa entrada oeste, preto da localidade de Cans, no concello de Porriño, atópase oculta polas obras de construción da autoestrada A-52. Non obstante, a súa entrada leste pódese visitar preto da estrada N-120, na localidade de Xinzo, no concello de Ponteareas, cun arco de granito elipsoidal moi rechamante. O chamado túnel do Confuro nunca se rematou por problemas orzamentarios e técnicos, accidentes e posible presenza de augas subterráneas, cesando os traballos en 1916.



Aspecto actual da entrada do túnel do Confurco.



Mapa do percorrido do tranvía entre Vigo e Porriño e a súa continuación ao Balneario de Mondariz, coa localización do túnel do Confurco.


2. CASTRO MINEIRO DA CROA

Coordenadas UTM: (EPSG: 25829) 539679 4672828; Coordenadas polares: 42,206608° -8,519330°

Na marxe dereita do río Tea atópase o castro da Croa, cunha superficie aproximada de 15.000 m². É un asentamento mineiro castrexo romanizado situado dentro dunha mina de ouro romana que mide aproximadamente 30 hectáreas. Xusto ao sur do castro, a actividade mineira é moi intensa, alterando completamente os sedimentos fluviais. A medida que nos afastamos do castro cara ao sur, a intensidade da actividade mineira diminúe. A minería romana no val do río Tea foi especialmente intensa, deixando moi poucos sedimentos sen explotar. Hai total continuidade entre o castro e a explotación mineira, polo que algunhas gabias mineiras forman parte das defensas do castro. Os traballadores das minas eran veciños da zona, asalariados que normalmente recibían unha porcentaxe do mineral extraído. O castro da Croa era a aldea dos mineiros que traballaban na zona.



Modelo dixital de terreo onde se mostra o relevo xerado pola actividade mineira romana no Castro da Croa.



Esquema evolutivo que mostra a maneira de explotar os sedimentos onde o ouro estaba acumulado.

Para a operación das explotacións mineiras, a auga do mesmo río Tea e dos seus afluentes transportábase por canles ata a zona a explotar, e facíase que arrastrase os sedimentos dun xeito controlado. Os croios de máis de 10 cm retirábanse o máis rápido posible, xa que se sabía que neles non había ouro, e o ouro mesturábase coa area. O material do tamaño de area que transportaba a auga facíase pasar por canles de madeira dun xeito moi controlado, onde se empregaban obstáculos para facer depositar as partículas de ouro. Estes obstáculos eran normalmente matogueiras, carballos, toxos ou similares. O resultado actual desta minería é unha serie de gabias profundas escavadas nos sedimentos e acumulacións de pedras do tamaño de 10 cm, chamadas murias. A abundante vexetación dificulta a observación destas estruturas.

3. CASTRO DE TROÑA

Coordenadas UTM: (EPSG: 25829) 542084 4673657; Coordenadas polares: 42,213946° -8,490141°

Dominando o val do río Tea dende a súa marxe esquerda está o castro de Troña, cunha superficie de 3 hectáreas. Habitado durante varios séculos antes da nosa era, acadou o seu pico de ocupación e actividade nos séculos I e II a.C. Coa chegada do Imperio Romano, decaeu en importancia ata que quedou totalmente despoboad. Nas primeiras escavacións arqueolóxicas realizadas a partir de 1927, atopáronse unhas pinzas e un mazo mineiro utilizados na siderurxia, un alxibe, así como pías ou cazoletas e canles asociados á moenda de minerais para a súa posterior fundición.



Aspecto do Castro de Troña, cazoleta e petroglifo de serpe.



Destaca tamén un petróglifo en forma de serpe, duns 30 centímetros de altura, en posición heráldica. Algúns arqueólogos cren que representa as iconas contidas na saga dos Argonautas, o que une este castro co leste do Mediterráneo. De feito, tamén se atoparon restos de ánforas e de porcelanas de orixe mediterráneo.

Nalgúns castros do baixo Miño, como en Troña, atópanse estas estruturas de ferrería que indican o procesamento de metais, fundamentalmente estaño, ouro, ferro e cobre, relacionados co comercio que existía entre a costa galega e Cartago e Fenicia. Os fenicios ou medos compraban metais e traían porcelanas e coñecementos técnicos do Mediterráneo.

4. BALNEARIO DE MONDARIZ

Coordenadas UTM: (EPSG: 25829) 544080 4675110; Coordenadas polares: 42,226942° -8,465862°

Este balneario foi inaugurado en 1873, anque a súas augas eran coñecidas dende a ideade media, e na actualidade é o maior balneario de Galicia. O manancial de Troncoso sitúase moi preto do río Teo e foi descuberto en 1862. En 1872 Enrique Peinador redescubriu o manancial de Gándara no paraxe de o Chan de Gándara. En 1873 estas augas foron declarados de utilidade pública.

O balneario desfrutou dun período de gran esplendor a finais do século XIX e principios do XX, sendo un gran centro cultural durante aquelas décadas, chegando mesmo a publicar un semanario, “La temporada”. O seu promotor, Enrique Peinador Vela, foi quen posteriormente impulsou a construción do tranvía de Vigo a Mondariz. En 1940, o balneario entrou nunha etapa de decadencia, da que xurdiu en 1994 coa renovación das súas instalacións.

As augas de Mondariz brotan desde fracturas no granito e son debilmente mineralizadas e ricas en bicarbonato sódico e ferro. Xorden a unha temperatura entre 17,5 e 18 °C e son recomendables para enfermidades dixestivas, dermatolóxicas e reumáticas, entre outras.

Fonte do Troncoso, Fonte da Gándara e Balneario de Mondariz.

